

GALICIA ANTE O FUTURO DA POLÍTICA REXIONAL EUROPEA

JOSÉ ANDRÉS FAÍÑA MEDÍN*/** / JUAN JOSÉ LIRÓN LAGO*

AURORA DOVAL PATIÑO* / JUAN CONDE FONTAO*

JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ** / JESÚS FERNANDO FERNÁNDEZ MUNÍN*

*Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios
Consellería de Economía e Facenda

Xunta de Galicia

** Departamento de Análise Económica

Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Universidade da Coruña

Recibido: 24 xullo 2001

Aceptado: 17 xuño 2002

1. A INSERCIÓN DE GALICIA NO ESPACIO EUROPEO


Galicia ocupa unha posición periférica na estrutura espacial da Unión Europea. Malia estar situada nunha posición central por mar –na fachada atlántica de Europa– e nunha rexión estratéxica do tráfico marítimo –o extremo sudoccidental de Europa– atópase moi afastada no oeste.

Galicia comparte con Portugal esta característica de centralidade marítima e de afastamento territorial, atopándose estreitamente conectada coa rexión Norte de Portugal que, cunha estrutura de poboamento arredor da grande área metropolitana do Porto, encaixa de forma natural coa dorsal atlántica galega.

A estrutura territorial de Europa amosa unha importante concentración arredor do triángulo central constituído polos tres grandes vértices Gran Manchester-Londres, París, Colonia-Düsseldorf-Val do Rhur. Galicia e o norte de Portugal atópanse en lonxitudes bastante occidentais con respecto a esa área central europea. Están moi afastadas por vía terrestre dada a profundidade do golfo de Biscaia e, aínda que moi próximas por vía marítima á canle da Mancha e á costa holandesa, a posición de Galicia e do norte de Portugal resulta claramente inserida na periferia atlántica da Unión Europea.

Esta situación pode apreciarse con claridade nos mapas da estrutura territorial de Europa, construídos de acordo coa técnica dos potenciais de poboación –esta técnica proporciona unha cartografía microscópica da estrutura espacial dos asentamentos de poboación–. Os datos utilizados no seu cálculo proceden da base de datos GISCO de Eurostat e computáronse para os quince estados membros da UE, así como para o conxunto dos países do leste europeo e da porción europea da CEI.

Mapa 1



FONTE: Elaboración propia.

A clara adscrición de Galicia e da rexión Norte de Portugal ó espazo atlántico periférico da UE amósase tanto pola súa situación á marxe (sudoccidental) da envolvente dos potenciais de 300.000 habitantes/km, envolvente as que se aproximan as áreas de Cantabria-País Vasco e Barcelona nos extremos nororientais da Península, como pola súa posición na propia estrutura espacial da Península Ibérica, onde amosan unha clara pertenza atlántica (a metade occidental), cunha lonxitude oeste superior á de Inglaterra, Gales e da Fistera francesa e só comparable á da metade occidental de Irlanda.

As grandes liñas estruturais de conformación do territorio europeo pódense apreciar na seguinte imaxe de luces nocturnas que presenta as observacións desde satélite das emisións de luz procedentes de cidades, casas, industrias e outras fontes de luz, recollidas a través de métodos de amplificación e de rexistros de alta sensibilidade.

Polo que se refire á Península Ibérica, dúas áreas localizadas no extremo norte do cuadrante nororiental, as de Cantabria-País Vasco e a de Barcelona, están relativamente próximas á terceira envolvente central do espazo europeo, e aínda que non existe unha conexión continua con esta envolvente, o eixe Madrid-Valencia contribúe a dotar a este cuadrante de personalidade. A escala peninsular os detalles dos mapas de potenciais que presentamos máis abaixo permítennos distingui-las diferentes áreas territoriais da Península.

Imaxe 1.- Imaxe nocturna de Europa capturada con rexistros de alta sensibilidade



Por un lado, as áreas máis próximas á terceira grande envolvente do espacio europeo (a fronteira dos 330.000 hab/km) están claramente localizadas no cuadrante nororiental da Península. Pódese apreciar unha disposición trapezoidal, formada por un eixe norte que une Cantabria con Zaragoza e co Mediterráneo. O eixe costeiro mediterráneo Barcelona-Valencia-Cartaxena e a vertente oriental configúranse arredor da grande aglomeración de Madrid unida ó norte con Valladolid.


Por outro lado, as áreas máis periféricas son aquelas do cuadrante sur ocupado pola poboación de Andalucía, que amosa unha clara ruptura costeira con Murcia e co cuadrante occidental atlántico de Portugal e de Galicia. Un feito que cómpre destacar na estrutura da poboación da Península Ibérica é a fractura que de norte a sur delimita o espacio occidental da cara atlántica, onde se asenta a grande aglomeración de Lisboa e máis ó norte a concentración do Porto estreitamente conectada coa dorsal atlántica galega.

Tanto este mapa como o construído especialmente para Galicia e para a rexión Norte de Portugal que se ofrece a continuación mostran a directa conexión entre ámbalas dúas estruturas de poboamento, aínda que cómpre salientar que:

- A estrutura galega cos seus núcleos interiores de vertebración ten un carácter menos centralizado cá rexión norte arredor do Porto.
- A conexión atlántica do territorio galego non se limita ó eixe A Coruña-Santiago-Vigo, senón que a metade meridional de Galicia e, en particular, a cidade de Ourense presenta unha clara vinculación coas estruturas de poboación do eixe atlántico que enlaza coa estrutura de poboamento da rexión Norte de Portugal.

Estas relacións, xa postas de manifesto nos estudos da Comisión Europea sobre o espazo atlántico, atoparon apoio na consideración das conexións Galicia-Portugal como prioridade oitava das redes transeuropeas de transportes dentro do corredor multimodal España-Portugal definido polo Consello Europeo de Cardiff de 1998.

Mapa 4.- Infraestructuras de transporte europeas



FONTE: European Spatial Development Perspective. Postdam 1999.

2. A EURORREXIÓN GALICIA+NORTE DE PORTUGAL

A incorporación de Portugal e de España á Unión Europea representou unha oportunidade de impulsa-las interrelacións entre as rexións do noroeste peninsular. Este proceso viuse favorecido pola creación da Comunidade de Traballo Galicia+Norte de Portugal, experiencia pioneira xa con máis de dez anos de traballo en materia de cooperación, e embrión dun marco institucional adecuado para a conso-

lidación dunha das áreas transfronteirizas con maior potencial da Unión Europea e capacidade de reforzamento da cohesión ibérica.

O marco institucional de cooperación entre Galicia e o Norte de Portugal constitúe a Comunidade de Traballo Galicia-Rexión Norte de Portugal, creada en 1991 ó abeiro do Convenio Marco Europeo sobre Cooperación Transfronteiriza entre comunidades e autoridades territoriais do Consello de Europa. Conta co apoio das administracións da UE, española e portuguesa, baixo o impulso da Xunta de Galicia e da Comisión de Coordinación da Rexión Norte de Portugal.

Esta comunidade de traballo ten por obxecto estimular e coordina-la cooperación transfronteiriza e interrexional para promove-lo desenvolvemento conxunto de ámbalas dúas rexións nun espazo europeo sen fronteiras, mediante o establecemento dun compromiso mutuo de carácter non-normativo.

Hoxe atopámonos ante unha nova oportunidade, mesmo máis prometedora, e tal vez única, por dous motivos:

- A creación da Unión Monetaria –que reducirá os custos de transacción dos intercambios e que abrirá posibilidades de negocio e de emprego para ámbalas dúas rexións– que dispón da oportunidade de consolidar unha área de mercado que pase dos 2,7 millóns de habitantes de Galicia ós 3,5 do Norte de Portugal, ata os máis de 6 millóns da Eurorrexión, con amplas potencialidades de proxección exterior cara ó resto da Península, de Europa e do continente americano.
- A formulación das estratexias de desenvolvemento rexional de Galicia e do Norte de Portugal para a próxima década nas que a consolidación dun espazo funcional máis amplo có estrictamente transfronteirizo aparece como un dos obxectivos que se pretende alcanzar. Do lado portugués (PNDS), o afondamento e a articulación do espazo económico Galicia+Norte de Portugal é unha referencia estratéxica fundamental, en canto supón a ampliación do mercado e a proxección exterior, reforza o arco atlántico e afirma o papel da área metropolitana do Porto no noroeste peninsular. Do lado galego (PEDEGA), fórmase de forma explícita o obxectivo de reforza-la cooperación co norte de Portugal e destácase a proxección da “dorsal atlántica” cara a Portugal como liña fundamental para reforza-las economías de aglomeración.

Nestas condicións, a Eurorrexión Galicia+Norte de Portugal ten a vocación de constituírse nun espazo de confluencia das estratexias formuladas a un e a outro lado da fronteira, orientándoas á intensificación das interrelacións e da cooperación, como base para a valorización da fachada suratlántica, de modo que se consolide un espazo perceptible e atractivo nos ámbitos peninsular, europeo e internacional.

A realización desta oportunidade enfróntase, non obstante, á necesidade de promover un salto cualitativo e cuantitativo respecto da situación actual. Este salto concrétese na conveniencia de afondar na óptica transfronteiriza e, ó mesmo tempo, adoptar unha perspectiva máis ampla, de carácter interrexional e peninsular. En definitiva, trátase de reforza-las traxectorias futuras de ámbolos dous espazos rexionais a través do reforzo das interrelacións.

2.1. CARACTERIZACIÓN DA POSIÇÃO COMPETITIVA DO ESPACIO GALICIA+NORTE DE PORTUGAL

O espazo conxunto alberga unha cuantiosa poboación, cun alto grao de concentración no litoral, e que vén experimentando unha traxectoria regresiva debido ó descenso da poboación galega, que amosa un acusado grao de avellentamento. A estrutura urbana está formada por cidades de tamaño medio, encabezadas pola área metropolitana do Porto, con 1,2 millóns de habitantes. Nun segundo chanzo do sistema de cidades figuran as aglomeracións da Coruña-Ferrol-Betanzos e Vigo-Pontevedra-O Porriño, con 600.000 habitantes cada unha. Estas tres rexións urbanas concentran preto do 40% da poboación total. A continuación aparece un numeroso grupo de cidades medias (entre os 80.000 e os 160.000 habitantes), como Guimarães, Braga, Ourense, Santiago, Lugo e Viana do Castelo.

O eixe de desenvolvemento está constituído pola dorsal atlántica que se estende, aínda que de xeito descontínuo, desde Ferrol ata o Porto. Complétase cun sistema de cidades medias no interior, con escasa capacidade de difusión de desenvolvemento e articulación territorial nun espazo demograficamente regresivo.

Galicia+Norte de Portugal alberga unha poboación de 6,3 millóns de habitantes (13% do total de España e Portugal) e presenta unha densidade de ocupación do espazo sensiblemente superior á do conxunto da Península. A poboación non experimentou variacións moi sensibles nos últimos anos, e destaca o distinto signo do movemento vexetativo de cada unha das rexións como consecuencia das diferentes taxas de natalidade: 11,8‰ no Norte de Portugal (superior á media portuguesa) fronte a 6,8‰ en Galicia (moi inferior á media española).

Táboa 1.- Poboación e densidade demográfica. 1996

AMBITO	HABITANTES	%	HABS/km ²
Norte	3.544.780	56,4	166,59
Galicia	2.742.622	43,6	92,70
Galicia+Norte	6.287.402	100,0	123,6

FONTE: Elaboración propia a partir de *Anuario Estadístico Galicia-Norte de Portugal, 1998*.

A Eurorrexión acadou como media no período 1995-1997 un PIB de 72.712 millóns de euros, repartido entre a rexión Norte de Portugal e Galicia en proporcións de 56/44% fronte a 54/46% en 1986. Desde 1991 veu aumentando a participación do norte. O peso económico dos dous subespacios nos respectivos conxuntos nacionais é moi dispar: Galicia xera o 5,5% do VEB español, mentres que o Norte de Portugal achégase ó 31% do VEB portugués. O PIB por persoa en ámbolos dous espazos é igual ó 64% da media da UE.

Táboa 2.- Evolución do PIBb por persoa ppa en Galicia e Norte de Portugal (UE 15=100)

REXIÓN	1986	1997	DIF 97-86
Galicia	55,0	64,0	+ 9,0
Norte	51,1	64,0	+ 12,9
Galicia+Norte	52,8	64,0	+ 11,2

FONTE: *Sixth Periodic Report on the Social and Economic Situation and Development of the Regions of the European Union*. European Commission. Regional Policy and Cohesion e Eurostat.

Malia o crecemento do produto bruto, a ocupación global revela unha traxectoria regresiva. Entre 1987 e 1996, a poboación ocupada na Eurorrexión redúcese en algo máis do 10%. A caída do emprego afectou cunha intensidade semellante relativa a ámbolos dous subespacios. O relativo estancamento demográfico e o cambio sectorial, cunha forte reestructuración do emprego agrario, explican unha boa parte do descenso que rexistrou durante os últimos anos o emprego da Eurorrexión en termos absolutos. No período 1993-1996 apréciase un descenso do emprego agrario en ámbolos dous espazos, un estancamento no emprego industrial en Galicia e unha lixeira caída no norte de Portugal; e en Galicia rexístrase mesmo un descenso da ocupación no sector terciario. Sen embargo, os resultados de 1999 son máis esperanzadores e, en particular, Galicia comezou a xerar emprego neto a un ritmo importante

As economías de Galicia e do norte de Portugal, con estruturas productivas máis complementarias ca rivais, responden a distintas pautas de desenvolvemento; a primeira, máis apoiada no modelo esóxeno e a grande empresa, fronte ó carácter endóxeno e o maior protagonismo de pequenas unidades productivas no norte de Portugal. Pero ámbalas dúas comparten algúns trazos comúns: un grao de desenvolvemento comparativamente baixo, un baixo desenvolvemento terciario e unha debilidade demográfica que se traduce nun descenso da ocupación nos últimos anos, malia as apreciables taxas de crecemento económico alcanzadas. As diferencias en materia de salarios entre o Norte de Portugal e Galicia son moi acusadas. En Galicia, os salarios son inferiores á media española e no norte de Portugal bastante máis baixos cá media portuguesa. Pola contra, a produtividade laboral aparente (VEB/Emplego) é moi superior en Galicia. Iso determinou que a traxectoria económica do norte de Portugal, caracterizada polo menor crecemento da produtividade do traballo e por unha evolución máis contida dos custos laborais, favorecese o mantemento de industrias intensivas en man de obra. En Galicia ocorreu o contrario.

Expresada en termos de emprego e en comparación co perfil medio da Unión Europea, a estrutura económica da Eurorrexión revela un predominio relativo de actividades agrarias e industriais e unha baixa presenza terciaria. O elevado peso do sector agrario é particularmente acusado en Galicia, en tanto que a industria predomina claramente no norte. En conxunto, a Eurorrexión dispón dunha clara especialización agraria, que resulta aínda máis evidente dentro do contexto europeo. A devandita intensidade no emprego primario, unida ó avellentamento da súa poboación activa e ó proceso de perda de importancia relativa das actividades tradicionais, explica que as taxas de crecemento do emprego total e non-agrario de ámbalas dúas rexións difiran substancialmente, de tal forma que tanto Galicia como o norte de Portugal (e, en consecuencia, a Eurorrexión) cambien radicalmente a posición que ocuparían nunha hipotética clasificación europea de competitividade na creación de emprego ó pasar de considera-lo crecemento do emprego total ó incremento da ocupación non-agraria, fenómeno que non sucede nos espazos que contén cun cambio sectorial notablemente máis avanzado ou xa consolidado, como é o caso da Île de France, de Madrid ou do conxunto de Alemaña.

Polo que respecta á taxa de paro, a súa evolución foi relativamente desfavorable en ámbalas dúas rexións durante o período analizado. En Galicia, a taxa de paro reduciuse do 13,4% en 1987 ó 11,9% en 1990, para aumentar ata o 19,7% en 1994; descende ó 17,2% en 1995, pero vólvese elevar en 1996 cando se sitúa no 19%, seguindo o que parece ser un proceso de converxencia cos valores medios do conxunto de España. Pola súa banda, o norte de Portugal viviu un período de descenso da desocupación entre 1987 (4,9%) e 1990 (2,6%), pero a seguir viu incrementarse anualmente a taxa de paro ata chegar ó 7% en 1997.

Galicia e o norte de Portugal seguiron independentes e desiguais traxectorias de desenvolvemento, compartindo só unha situación de atraso relativo respecto de España e de Portugal, que foi máis acentuado no caso galego. A traxectoria do norte baseouse en maior medida no modelo endógeno e a súa economía apóiase na elevada provisión de man de obra barata, con niveis salariais e de produtividade inferiores ós de Galicia e ós do conxunto de Portugal. Coexisten no norte de Portugal áreas de alta densidade de actividade económica, zonas especializadas en industrias tradicionais e áreas rurais escasamente desenvolvidas.

Pola súa banda, Galicia estivo tradicionalmente condicionada polo seu relativo afastamento dos eixes españois de desenvolvemento, aínda que experimentou un vivo proceso de desenvolvemento industrial maioritariamente concentrado en Vigo, A Coruña e Ferrol, que logo experimentou un duro proceso de axuste (Galicia perdeu 40.000 empregos na primeira metade dos oitenta, a maior parte en Vigo e en Ferrol). O modelo galego apoiouse máis nas grandes empresas, como amosa o feito de que o 1% das empresas de máis de 500 empregados lle dean emprego ó 17% dos ocupados, xerando ademais considerables efectos de arrastre. Conta con amplos recursos enerxéticos e pesqueiros e cun elevado potencial turístico nas áreas costeiras e de interior. A actividade agrícola-gandeira é pouco productiva e castigada pola incorporación de España á Comunidade Europea. A recuperación posterior da economía galega baseouse na expansión do sector terciario, aínda pouco desenvolvido e cunha baixa produtividade. Tamén empezan a aparecer novos sectores industriais como a electrónica e a química.

Característica común a ámbalas dúas economías é o escaso esforzo en materia de investigación e desenvolvemento. En 1998, Galicia realizou un gasto en I+D de 25.438 millóns de pesetas, cun aumento do 81% respecto á cifra de 1994. En 1996, o gasto de Galicia en I+D representaba o 0,5% do PIB fronte a unha ratio de 0,87% en España, pola súa banda inferior á media da UE. No norte de Portugal non chega aínda ó 0,5%.

No marco da crecente integración dos mercados luso-españóis, as interrelacións económicas entre Galicia e o norte de Portugal avanzaron considerablemente, apreciándose unha maior penetración de Galicia no norte de Portugal ca á inversa. Os intercambios comerciais medraron rapidamente, e apréciase un cuantioso movemento transfronteirizo de traballadores. Á vez, aumentaron as prácticas de subcontratación entre empresas a un e outro lado, en tanto que os fluxos de investimento directo son aínda modestos.

Coa entrada de España e de Portugal na Comunidade Europea prodúcese unha intensificación das relacións comerciais entre Galicia e o norte de Portugal, máis ca

co resto do mundo. Entre 1985 e 1989, as vendas de Galicia ó norte de Portugal incrementáronse no 170%, mentres que as importacións galegas procedentes do norte de Portugal aumentaron no 300%. A evolución dos intercambios amosa un crecemento sostido, e nos últimos anos apréciase unha maior dinámica das expedicións de Galicia ó norte Portugal que dos movementos en sentido inverso, co que o saldo favorable a Galicia se está ampliando considerablemente. De tódolos xeitos, as exportacións intra-Eurorrexión só supoñen o 5% das exportacións totais do espazo conxunto. As vendas de Galicia ó norte de Portugal supoñen o 11% das exportacións galegas, mentres que as vendas do norte de Portugal a Galicia son só o 3% das exportacións totais da rexión Norte de Portugal.

2.1.1. A importancia do espazo Galicia+Norte de Portugal para a integración das economías luso-españolas e a cohesión da Unión Europea

O noroeste peninsular, visto no seu conxunto e á luz do seu potencial de integración, constitúe un espazo estratéxicamente relevante a dous niveis: no plano da interrelación entre España e Portugal e no da cohesión do territorio da Unión Europea.

A interdependencia das economías de Galicia e do norte de Portugal no cadro da construción europea representa hoxe un proceso irreversible e sistematicamente renovado. Esta integración conducirá, en primeiro termo, a favorece-los eixes máis puxantes de desenvolvemento territorial, sobre todo os que se organizan arredor das grandes aglomeracións urbanas da Península, como ocorre no caso do eixe Lisboa-Madrid-Barcelona. Pola súa excentricidade respecto deste eixe de desenvolvemento espontáneo, o noroeste peninsular asume un papel estratéxico na difusión de efectos espaciais máis amplos, contribuíndo así a unha maior cohesión do espazo hispano-portugués.

Parece oportuno destacar que as áreas fronteirizas de Galicia e do norte de Portugal son os espazos cunha maior concentración de poboación e cunha maior dinámica da fronteira luso-española, polo que a súa valorización terá unha importancia determinante como elemento de integración da Península Ibérica.

A través da intensificación das relacións co norte de Portugal, Galicia participará dos efectos “*spillover*” resultantes da súa articulación co eixe máis dinámico do territorio portugués (Viana-Setúbal), vantaxes de maior entidade cás derivadas da súa orientación ó longo do eixe cantábrico. Respecto do norte de Portugal, cunha tradición de internacionalización moi anterior á súa relación con Galicia, a súa extensión cara a esta rexión suporá maiores oportunidades de valorización dos seus recursos transfronteirizos e dunha ampliación do mercado para as súas industrias cun menor potencial de internacionalización.

Ó mesmo tempo, as infraestruturas e equipamentos de ámbalas rexións verán realzado o seu papel dentro do espazo europeo se conseguen aproveitar campos de complementariedade que se traduzan nun maior ámbito de influencia territorial.

No plano da Unión Europea, o noroeste peninsular é un territorio clave para a creación dun maior dinamismo na fachada sudatlántica do continente. Máis que a simple formulación dun concepto (Arco Atlántico), a dinamización deste espazo

depondrá da configuración de áreas transfronteirizas e interrexionais cun alto grao de interacción, superando dese modo a tentación estratéxica de perseguir por separado a intensificación de relacións cos espazos europeos máis dinámicos. Noutra orde de cousas, o noroeste peninsular pódelle achegar á propia Unión Europea un conxunto de lazos económicos e culturais de preferencia co continente americano, dada a presenza alí de cuantiosas e importantes colonias de galegos e de portugueses do norte, o que supón un factor de impulso á internacionalización da fachada atlántica.

2.2. PRINCIPAIS DINÁMICAS DE CONSOLIDACIÓN DO PROCESO DE COOPERACIÓN

Teñen que resaltarse os seguintes procesos en curso:

- *A Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, experiencia pioneira de cooperación.* A Comunidade de Traballo constitúe unha experiencia pioneira no espazo peninsular e no ámbito das rexións obxectivo 1, e representa un elemento de primeira orde de cara á aceleración da dinámica de cooperación e interrelación entre Galicia e o norte de Portugal, que estivera interrompida durante varias décadas. A Comunidade de Traballo é un instrumento de impulso da cooperación descentralizada: difunde o pensamento estratéxico e sensibiliza e anima as institucións e os axentes públicos e privados de ámbalas rexións para a intensificación das interrelacións e a promoción de accións conxuntas. Neste momento, a Comunidade de Traballo está constituída por 16 comisións sectoriais, que engloban 26 servizos públicos portugueses, por 3 comunidades territoriais de cooperación que cobren toda a zona de fronteira nas cales participan 84 municipios portugueses e galegos da zona transfronteiriza, e por unha comisión territorial composta polo Eixe Atlántico (asociación de 18 cidades do norte de Portugal e de Galicia).
- *Unha crecente incorporación de institucións e axentes locais ó proceso de cooperación e afondamento nas relacións económicas e culturais.* Una mostra ilustrativa da ampliación e consolidación da interrelación e cooperación entre Galicia e o norte de Portugal é a cada vez maior diversidade de actores e institucións locais e rexionais que participan nas distintas comisións da Comunidade de Traballo, a práctica de cooperación da cal será agora fundamental para definir e diversificar accións e proxectos no marco de INTERREG III A. As accións de cooperación non constitúen xa unha exclusiva das administracións públicas nacionais e rexionais, senón que se estenden ás corporacións locais e ó conxunto da sociedade civil, incorporando empresarios e asociacións empresariais.
- *Consolidación de grandes eixes infraestruturais de conexión e de capilaridade da zona de fronteira.* Malia que a cooperación é en por si un proceso inmaterial de desenvolvemento, é claro que os fluxos de relación transfronteiriza (e interrexional) se viron considerablemente facilitados polo xa importante sistema de canles infraestruturais de conexión. Así, pode falarse xa da existencia de capila-

- ridade ó longo da liña transfronteiriza, mesmo cando faltan aínda eixes complementarios e unha mellora do nivel de servizo da comunicación ferroviaria.
- *Unha experiencia xa percibida no panorama comunitario e de recoñecida significación nas estratexias de desenvolvemento de España e de Portugal.* A cooperación entre Galicia e o norte de Portugal, institucionalizada mediante a Comunidade de Traballo, deixou xa de ser considerada unha experiencia embrionaria. Gracias á súa institucionalización, constitúe un referente de boas prácticas en materia de cooperación intracomunitaria, e diferentes publicacións en materia de política rexional aluden a ela como “*case-study*” que cómpre explorar e valorar. Ademais, os documentos de estratexias nacionais e rexionais dos dous países consideran o espazo conxunto Galicia+Norte de Portugal como unha área de desenvolvemento potencial.
 - *Consolidación de dous tipos de dinámicas cada vez máis interdependentes: as transfronteirizas e as interrexionais.* Na actualidade, as relacións entre Galicia e o norte de Portugal revelan unha forte interdependencia entre dinámicas estritamente transfronteirizas e relacións máis amplas de carácter interrexional, contribuíndo así á intensificación dos fluxos entrámbolos espazos. Unha das razóns desta interdependencia deriva da oportunidade de superar un paradoxal pasado de illamento e da necesidade de organizar relacións de cooperación máis amplas entre os sistemas urbanos das dúas rexións, xa que é nas principais aglomeracións onde obviamente se encontran os máis relevantes recursos para o desenvolvemento. Por iso, a definición de proxectos que hai que apoiar no marco de INTERREG III A non pode deixar de considera-la súa integración con dinámicas de natureza e alcance interrexional, dado que certas dinámicas de promoción das áreas elixibles para INTERREG III A teñen que ser xeradas no seu exterior para acadar resultados significativos.
 - *Consolidación da información estatística como ámbito privilexiado de coñecemento mutuo e da percepción da Eurorrexión nos ámbitos nacionais e internacional.* A publicación regular de Anuarios Estatísticos (1995, 96, 97, 98), de Comercio Intracomunitario da Eurorrexión e do Atlas de Empresas referidos ó espazo Galicia+Norte de Portugal, así como a súa difusión vía internet, constitúe a culminación dun importante proceso de mellora da calidade de información de soporte ó proceso de cooperación, contribuíndo á percepción da importancia e evolución da relación transfronteiriza e interrexional. Ó mesmo tempo, esta información representa un valioso instrumento para impulsa-la proxección exterior. Iso provén en parte de proxectos financiados no marco do programa INTERREG de anos anteriores, o que constitúe un factor que hai que considerar na formulación de INTERREG III A.
 - *Intensificación e diversificación inequívoca do comercio internacional e das relacións económicas luso-galaicas.* O incremento das relacións comerciais entre Galicia e o norte de Portugal, así como a realización de investimentos directos de empresarios galegos no norte de Portugal e viceversa medirá, en definitiva, o éxito da consolidación do novo espazo funcional desde a óptica económica. Tales relacións son aínda modestas, malia a súa importancia, pero están experimentan-

do unha significativa ampliación, e advírtese un claro movemento empresarial en busca de novas localizacións e presenza no outro lado da fronteira. Con toda seguridade, estes procesos veranse favorecidos pola unión monetaria, ó abarata-los custos de transacción e potencia-la percepción da unidade de mercado.

- *Galicia+Norte de Portugal: un espacio de confluencia das estratexias de desenvolvemento formuladas a un e a outro lado da fronteira.* Nos plans de desenvolvemento económico para a próxima década, a consolidación dun espacio funcional máis amplo có estrictamente transfronteirizo aparece como un dos obxectivos que se pretenden alcanzar, por diversos motivos compartidos: ampliación do mercado, proxección exterior, reforzamento do Arco Atlántico, potenciación do rango do sistema urbano do noroeste peninsular, proxección da “Dorsal Atlántica”, potenciación das economías de aglomeración, etc.

2.3. UNHA ESTRATEXIA COHERENTE DE DESENVOLVEMENTO E COOPERACIÓN PARA O ESPACIO CONXUNTO NO PERÍODO 2000-2006

A experiencia de programas anteriores achega algunhas ensinanzas que hai que ter en conta na determinación de prioridades para INTERREG III. As infraestruturas seguen a constituír unha prioridade, particularmente na articulación ferroviaria do eixe atlántico (ferrocarril A Coruña-O Porto, incluído nas redes transeuropeas). Tamén é necesario realizar importantes esforzos na promoción da intermodalidade e definir un esquema de organización portuaria sobre a base de criterios de complementariedade e especialización na xeración de centros loxísticos, pero haberá que dedicarlle unha especial atención á consolidación das áreas de cooperación xa definidas e á dinamización de procesos de cooperación empresarial, acentuando especialmente a necesidade de proxección exterior conxunta.

A programación conxunta dos investimentos que se van financiar no ámbito do Programa de Cooperación Transfronteiriza de *INTERREG III A* para o territorio Galicia+Norte de Portugal debe ser entendida como un instrumento que ten como finalidade potencia-los plans de desenvolvemento rexional elaborados a un e a outro lado da fronteira, no sentido de aumenta-las posibilidades de alcanza-las metas e os obxectivos formulados nos devanditos documentos: cohesión económica, cohesión social, cohesión territorial e calidade de vida. Así, os obxectivos específicos que orientan a referida programación pretenden contribuír a fins de orde superior, como os seguintes:

- Potencia-la converxencia real de ámbolos espacios dentro do marco europeo, coa aspiración de reduci-las disparidades rexionais existentes en termos de produción e emprego, así como de abandonar, no medio prazo, a condición de rexións europeas do obxectivo 1.
- Mitiga-las desigualdades sociais que xorden das dificultades de acceso ó emprego.
- Incrementa-las dotacións de servicios colectivos.
- E, finalmente, respecta-la calidade do contorno ambiental, adoptando como referente un modelo de desenvolvemento sostible e solidario coas xeracións futuras.

A programación conxunta de investimentos, aínda que non debe perder de vista os fins anteriormente enunciados, ten que se integrar, respectando os obxectivos estratéxicos de orde superior, no esquema de eixes de intervención deseñados para o desenvolvemento global das rexións transfronteirizas.

Por iso, a programación conxunta de investimentos para as áreas elixibles pertencentes ó espazo Galicia+Norte de Portugal debe perseguir unha finalidade estratéxica que integre os desafíos da competitividade dos espazos económicos, os límites a esa competitividade polas ameazas á cohesión social, o grao de interrelación e de interdependencia existente no interior deses espazos e, finalmente, a súa proxección internacional.

En consecuencia, considérase que a finalidade estratéxica coa que se afronta a cooperación Galicia+Norte de Portugal constitúe tamén a meta estratéxica da programación común de investimentos para o programa INTERREG III A:

- Consolidar un espazo funcional de maior dimensión económica, máis competitivo e cunha maior proxección exterior, de cara a potencia-lo desenvolvemento socioeconómico de ámbalas dúas rexións por encima dos avances que poderían lograrse en ausencia de cooperación. Polo tanto, trátase de que, pola vía da cooperación e do aproveitamento das complementariedades de ámbalas dúas rexións, se constrúa un territorio de excelencia a partir da valorización dos recursos e das potencialidades actualmente dispoñibles. Este fenómeno debería xurdir como derivación de a) a maior dimensión do novo espazo económico, cun superior peso específico e máis capacidade para ser percibido no escenario europeo; b) a mellora da competitividade do novo espazo a través da valorización e integración dos recursos e das capacidades de ámbalas dúas rexións.

Neste contexto e dada a finalidade estratéxica que debe perseguirse, a programación conxunta de investimentos que se van financiar no marco de INTERREG III A para o espazo Galicia+Norte de Portugal estará subordinada ós seguintes obxectivos estratéxicos:

- *Obxectivo 1.-* Vertebrar e capilariza-lo espazo transfronteirizo.
- *Obxectivo 2.-* Promove-la valorización, promoción, xestión e preservación dos recursos comúns e do territorio como oportunidade e medio de intensificación das interrelacións no interior do espazo funcional transfronteirizo e deste co espazo rexional ampliado.
- *Obxectivo 3.-* Animar dende o punto de vista socioeconómico o espazo transfronteirizo e promover mellores condicións de emprego.
- *Obxectivo 4.-* Dota-lo espazo transfronteirizo dun marco institucional e de iniciativas que favoreza a cooperación e promova novas condicións de excelencia e atractivo.

Os catro obxectivos estratéxicos mencionados definen prioridades de intervención para a programación conxunta de investimentos coherentes cos obxectivos da estratexia global de desenvolvemento das rexións transfronteirizas, e serán adaptados ós eixes prioritarios de intervención que, oportunamente, foron definidos polos gobernos de Portugal e de España.

3. ESTRUCTURA POLÍTICO-ADMINISTRATIVA

3.1. GALICIA: COMUNIDADE AUTÓNOMA

España é un estado autonómico. A Constitución española do 6 de decembro de 1978 reconece expresamente a autonomía das rexións que integran España. De acordo con ela, no ano 1981, aprobouse o Estatuto de autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril) que no seu artigo 1 establece que: “*Galicia, nacionalidade histórica, constitúese en Comunidade Autónoma, para acceder ó seu autogoberno de conformidade coa Constitución española e co presente estatuto, que é a súa norma institucional básica*”.

Galicia posúe lingua e cultura propias, e plebiscitou xa en 1936 un proxecto de Estatuto de autonomía.

3.1.1. Competencias da Comunidade Autónoma

De conformidade coa Constitución española e co seu Estatuto de autonomía, en Galicia poden establecerse tres niveis básicos de competencias:

- Materias *competencia exclusiva da Comunidade Autónoma*, entre as que destacan: a organización das súas institucións e o autogoberno, a ordenación do territorio e do urbanismo, a asistencia social, a educación, a sanidade, a cultura, etc. Dentro do ámbito do comercio e da industria, Galicia ten competencia exclusiva en feiras e mercados interiores, artesanía, turismo, cámaras oficiais de comercio, industria e navegación, en centros de contratación de mercadorías e valores de conformidade coas disposicións xerais do dereito mercantil, etc.
- Materias que poden ser *compartidas entre o Estado e a Comunidade Autónoma*. Neste grupo inclúense aquelas materias nas que o Estado determina as bases e a Comunidade Autónoma pode desenvolver lexislativamente e executar en por si, como é o fomento e a planificación da actividade económica de Galicia, industria, agricultura e gandería, comercio interior, institucións de crédito corporativo e caixas de aforros.
- Materias *competencia exclusiva do Estado*, como relacións internacionais, defensa, administración de xustiza, comercio exterior, sistema monetario, etc. De conformidade coa Constitución española e co seu Estatuto de autonomía, a Comunidade Autónoma de Galicia conta ademais con autonomía financeira para o desenvolvemento e execución das súas competencias.

3.2. PODERES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Os poderes da Comunidade Autónoma son exercidos a través dunha cámara lexislativa, “o Parlamento”, e un órgano executivo, “a Xunta de Galicia”.

3.2.1. Poder legislativo: estrutura

O Parlamento galego está regulado no Estatuto de autonomía e no Regulamento do Parlamento de Galicia, do que se aprobou o texto modificado en sesión plenaria o 14 de xullo de 1983.

O Parlamento galego está composto desde 1989 por 75 deputados elixidos por sufraxio universal (en anteriores lexislaturas o número de deputados era de 71). As funcións esenciais do Parlamento galego son o exercicio da potestade lexislativa da Comunidade Autónoma, o control da acción executiva da Xunta e a aprobación dos orzamentos da Comunidade.

3.2.2. Poder executivo: estrutura

O poder executivo está regulado na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente.

O órgano de goberno da Comunidade, a Xunta de Galicia, está composto polo seu presidente, vicepresidente ou vicepresidentes, se é o caso, e os conselleiros.

O presidente é elixido polo Parlamento e correspóndelle a dirección da Xunta e a representación da Comunidade Autónoma.

A Xunta reúne-se en Consello, sendo este o que exerce as atribucións da Xunta.

Baixo o concepto de Administración xeral inclúese non só a Administración da Comunidade Autónoma no sentido estrito (consellerías) senón tamén o Parlamento, o Consello de Contas e o Consello da Cultura Galega.

Dentro do que podería cualificarse como Administración institucional sitúanse por unha parte as entidades que se rexen polo dereito público (organismos autónomos administrativos e organismos autónomos comerciais, industriais, financeiros ou análogos) e por outra as entidades rexidas principalmente polo dereito privado (sociedades públicas mercantís e entidades públicas de dereito privado).


3.3. O ORZAMENTO XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

A distribución funcional do orzamento consolidado de gastos para o ano 2000 reflíctese na táboa 2.

Táboa 2.- Distribución funcional do orzamento consolidado 2000

GRUPO DE FUNCIÓN	ORZAMENTO (miles de pesetas)	ORZAMENTO (euros)
1 Servicios de carácter xeral	22.206.994	133.466,7220
2 Seguridade, protección e promoción social	67.542.328	405.937,5669
3 Produción de bens públicos de carácter social	648.940.734	3.900.212,3616
4 Produción de bens públicos de carácter económico	54.271.410	326.177,7433
5 Regulación económica de carácter xeral	17.110.977	102.839,0429
6 Reordenación industrial e desenvolvemento empresarial	41.789.067	251.157,3510
7 Plan de crecemento e emprego	38.098.343	228.975,6530
8 Transferencias a entidades locais	87.945.900	528.565,5043
9 Débeda Pública	61.998.178	372.616,5543
<i>Total</i>	<i>1.039.903.931</i>	<i>6.249.948,4993</i>

Gráfica 1



4. ANÁLISE DA ECONOMÍA GALEGA

4.1. EVOLUCIÓN RECENTE DA ECONOMÍA DE GALICIA

O inicio da década dos noventa marca un punto de inflexión na evolución da produción de Galicia, que modifica tendencias tradicionalmente regresivas cara á diminución do seu peso específico en España, impulsadas por unha profunda crise industrial e polo adiamento que experimentaran ata daquela os cambios estruturais da súa economía.

Durante os últimos anos, as taxas sectoriais de crecemento evolucionaron moi en liña coas do conxunto de España, malia os problemas estruturais aínda existentes. De feito, as estimacións correspondentes ó período 1994-1998 indican que o VEB total creceu, en termos reais, 1,3 puntos máis en Galicia ca en España, gracias especialmente á industria, sector no que a taxa acumulada foi 6,7 puntos superior á nacional.

A evolución relativa do VEB p.m. per cápita rexional con respecto ó do conxunto de España permite apreciar con maior claridade o cambio de traxectoria que experimentou Galicia a partir dos primeiros noventa, como pode apreciarse na inflexión que rexistra a liña de tendencia que se incluíu na gráfica 2.


A estrutura sectorial do VEB sufriu transformacións importantes en Galicia, así no ano 1986 o peso dos sectores non agrarios en Galicia representaban o 87,4% (en España o 94%) e en 1999 o 91,7% (en España o 95,4%).

Por sectores productivos, o sector primario, aínda que continúa tendo un peso importante, vai diminuíndo paulatinamente (en 1986 representaba o 12,6% do VEB total mentres que en 1999 era o 8,3% do total).

O sector servicios, igual que ocorre para o conxunto nacional, é o que ten unha maior dimensión relativa dentro da estrutura productiva galega (en 1986 represen-

taba o 50,7% do VEB total e en 1999 o 51,8%). O sector industrial, a pesar das fortes reconversións sufridas, aumenta o seu peso no VEB total con respecto a 1986 (en 1986 supoñía o 29,3% e en 1999 o 31,5%).

Gráfica 2.- Evolución do VEB pm *per cápita* de Galicia respecto da media de España




FONTE: Elaboración propia a partir de *Contabilidade Trimestral de Galicia* (IGE) e de *Contabilidade Trimestral de España* (INE).

A construción tamén aumenta o seu peso relativo no VEB, igual que ocorre para o conxunto nacional, pero ten un peso algo superior en Galicia (en 1986 era o 7,4% e en 1999 o 8,4%).

Esta transformación na estrutura productiva de Galicia vese reflectida claramente na estrutura da poboación ocupada nos distintos sectores productivos como se amosa no epígrafe do mercado de traballo.

Analizando os datos do ano 1999 segue destacando o crecemento do PIB, que foi dun 4,1%, taxa que se sitúa catro décimas por riba da que rexistrou a economía española e que duplica o crecemento medio da UE durante o pasado ano. Con este crecemento, o máis alto desde 1980, a economía galega completa un período de cinco anos de crecemento continuado, durante o que se produciu un avance significativo no proceso de converxencia real con España e Europa.

Gráfica 3.- Estructura sectorial do VEB



4.2. COMERCIO EXTERIOR

O dinamismo que a economía galega vén experimentando desde 1990 reflectiuse nos intercambios comerciais que, a partir de 1992, tiveron unha forte apertura cara ó mercado exterior. O grao de apertura da economía galega pasou de representalo 23,3% en 1986 ó 37,8% en 1996, producíndose importantes crecementos nos anos 1993 e 1996. Aínda que o grao de apertura da economía galega é inferior ó da española, a tendencia dos últimos anos é reducir as diferencias existentes.

O volume de comercio de Galicia co estranxeiro incrementouse en termos monetarios, no ano 1998, nun 11,8%, superando en dinamismo ó comercio exterior de España, que aumentou nese ano nun 7,02%. Ademais, tanto a exportación como a importación de Galicia creceron máis á présa cás do conxunto de España, sendo en ámbolos casos maior o crecemento da importación có da exportación, coa conseguinte deterioración da taxa de cobertura.

No ano 1998 as importacións de Galicia superaron por primeira vez o billón de pesetas, alcanzando un valor de 1.023.332 millóns de pesetas, o que supón un aumento, con respecto ó ano anterior, dun 14,62%, sensiblemente superior ó crecemento experimentado polas importacións españolas (8,92%). Case o 80% deste crecemento débese ás manufacturas (destacando entre elas as compras de bens de equipo, sobre todo de material de transporte), os capítulos que máis se achegaron ó crecemento das importacións foron o do sector do automóbil e o dos produtos da pesca.

En canto ás exportacións realizadas desde Galicia en 1998, estas alcanzaron un valor de 882.030 millóns de pesetas, cun incremento do 8,71% sobre o ano precedente, case catro puntos por riba do crecemento alcanzado pola exportación en España (4,80%). O aumento máis destacado refírese á construción naval, que aumenta en máis do 141%. A maior parte do crecemento das exportacións de Galicia derivase, sen embargo, do aumento das vendas do sector do automóbil, que foi de preto do 22%, ata representar case o 40% das vendas galegas no exterior. Consecuencia do maior incremento das importacións, o déficit da balanza comercial de Galicia incrementouse nun 74,20% respecto do ano anterior. A taxa de cobertura do comercio exterior de Galicia diminuíu ata alcanzar un valor do 86,28%, que supera en máis de catro puntos á de España.


Durante o período 1990-1998 as exportacións en Galicia creceron un 229,54% (189,29% para o conxunto da economía española) e as importacións un 167,84% (122,93% para España), mellorando, polo tanto, considerablemente a taxa de cobertura. En 1990 en Galicia era do 70,13% (en España do 63,28%) e pasou en 1998 a representalo 86,28% (en España o 82,11%).

4.3. MERCADO DE TRABALLO

A evolución global do mercado de traballo reflicte o cambio estrutural que se está producindo en Galicia, tanto na súa faceta demográfica como na sectorial.

Neste último caso, o indicador máis claro é a saída de máis de 89.500 ocupados das actividades primarias durante o período 1994-1999. As actividades agropecuarias acumularon un descenso de 68.400 persoas, principalmente por xubilación, e especialmente concentradas nos efectivos femininos, que absorberon o 73,6% desta redución; é dicir, 50.400 mulleres. Este importante cambio estrutural explica que a ocupación de Galicia seguise en moitos momentos unha evolución singular, en especial na dimensión non-agraria.

Gráfica 4.- Poboación ocupada por sectores económicos



A pesar de que o cambio sectorial é a nota dominante no mercado de traballo, existen outros trazos que permiten apreciar o cambio de tendencia que se produciu neste ámbito a partir de 1994:

- A caída na taxa de actividade contívérase nos últimos anos arredor do 48%, recuperándose durante os anos 1998 e 1999 (48,5%). As cifras da EPA do primeiro trimestre sitúan a taxa de actividade próxima ó 50% reducindo o diferencial existente respecto da media de España. Esta recuperación afectoulles tanto ós homes como ás mulleres, se ben o balance do ano de 1999 reflicte un maior dinamismo dos activos femininos.
- A ocupación nas ramas de actividade non primarias aumentou considerablemente desde 1994 (115.000 persoas), o que logrou compensa-la importante redución de efectivos nas actividades primarias (89.5000 ocupados), en especial na agricultura-gandería, como se indicou anteriormente.
- O desemprego descendeu, tanto en termos absolutos coma relativos. As estimacións da Enquisa de Poboación Activa amosan un descenso do volume total de desempregados e da taxa de paro que pasou do 18,41% no ano 1997 a 16,20 en 1999, seguindo a tendencia sinalada anteriormente.
- Aumento notable no nivel de estudos da poboación ocupada. Nunha tendencia prolongada chegouse ó punto de que, en 1997, os ocupados cuns maiores niveis de estudos supoñen máis da metade do emprego en Galicia, como consecuencia do descenso de ocupados analfabetos, con estudos primarios ou sen eles

(121.000 persoas en tan só cinco anos) e do incremento dos que dispoñen de formación media ou superior (122.700 no mesmo período).

Táboa 3.- Evolución das principais variables laborais de Galicia

VARIABLE	1980	1990	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999
Poboación (miles)	2.807,5	2.739,4	2.731,7	2.729,7	2.726,7	2.723,8		2.724,5	
Poboación > 16 anos (miles)	2.082,2	2.257,2	2.292,6	2.293,2	2.286,3	2.287,9	2.301,2	2.311,8	2319,7
Activos (miles)	1.136,4	1.169,0	1.156,8	1.136,4	1.114,1	1.119,1	1.106,0	1.110,5	1.123,9
Ocupados totais (miles)	1.082,0	1.028,5	948,5	916,2	918,1	910,9	902,4	917,9	941,7
Desempregados (miles)	54,40	140,60	208,40	220,20	196,10	208,10	203,60	192,6	182,2
Taxa de actividade (%)	54,58	51,79	50,46	49,56	49,9	48,91	48,06	48,03	48,5
Taxa de paro (%)	4,79	15,92	18,01	19,37	17,60	18,60	18,41	17,34	16,2
Taxa de emprego (%)	51,96	45,57	41,37	39,96	40,16	39,81	39,21	39,70	40,6

FONTES: Elaboración propia a partir de *Proxeccións de poboación 1986-2005* (INE) e de *EPA* (INE).

O ano 1999 pechou cuns rexistros para as principais magnitudes do mercado de traballo certamente positivos que paga a pena salientar:

- A poboación activa situouse en 1.123.875 persoas, un nivel que non se alcanzaba desde 1995. Con relación ó ano 1998, a poboación activa aumentou en 13.825 persoas, o que equivale a un incremento relativo do 1,2% que só tivo lugar en dúas ocasións desde que existe a EPA.
- A poboación ocupada ascendeu a 941.675 persoas, o maior nivel desde 1993. Ó tempo que se creaba por primeira vez emprego neto ó aumenta-la poboación ocupada total, 23.825 persoas, cun crecemento relativo do 2,6%, que carece de precedentes ata agora.
- O aumento que experimentou a ocupación non-agraria, 32.600 persoas, foi moi importante. A cifra de poboación ocupada non-agraria situouse en 1999 en 768.725 persoas, case 100.000 máis que hai tres anos.
- A pesar do aumento que experimentou a poboación activa, o paro continuou descendendo a un ritmo relativamente forte: en 1999, a cifra de paro situouse en 182.200 persoas, 10.400 menos que en 1998. A taxa de paro sobre a poboación activa diminuíu en máis dun punto porcentual, quedando situada no 16,2%.

Así mesmo, en 1999 volveuse bate-la marca de crecemento nas afiliacións á Seguridade Social: en 1999 había 851.239 afiliados, case 37.000 máis ca en 1998.

O excelente comportamento do mercado de traballo no último ano débese, en primeiro lugar, ó alto nivel de actividade económica que se mantivo por quinto ano consecutivo; isto influíu tanto no aumento da poboación activa, como no aumento da ocupación, especialmente nos sectores que, como a construción e os servizos, experimentaron un elevado ritmo de crecemento. En segundo lugar, a desaceleración que se observou no ritmo de descenso da poboación ocupada agraria, fronte ás case 40.000 persoas que experimentou a ocupación agraria en 1997, ou fronte ás case 15.000 persoas en que diminuíu en 1998, a redución en 1999 non chegou a 9.000, o que impulsou a creación neta de emprego. Este último factor é o que está marcando a diferenza na evolución recente do emprego con respecto á que tivo lu-

gar en períodos anteriores, e na medida en que se manteña no futuro debería supor unha revisión á alza das expectativas de crecemento no emprego na nosa comunidade.

5. A ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO DE GALICIA E OS FONDOS ESTRUCTURAIS

5.1. O PERÍODO 94-99 E OS SEUS RESULTADOS

Co fin último de impulsa-lo proceso de converxencia real entre Galicia e España, os programas integrados no MCA 1994-1999 trataban de afrontar os problemas identificados no Plan Económico e Social 1993-1996 a través dos seguintes *obxectivos finais*:

- Mellora-la accesibilidade e a articulación do territorio galego, así como as dotacións das infraestruturas máis ligadas á base productiva (solo industrial, enerxía...).
- Mellora-la calidade de vida da poboación residente, a través do incremento das dotacións de infraestruturas de carácter social.
- Promove-lo sostemento do proceso de desenvolvemento, a través da preservación e da mellora do contorno ambiental.
- Apoia-lo investimento e o crecemento da base productiva, con criterios selectivos tanto desde o punto de vista territorial como sectorial, e guiados por unha estratexia baseada na calidade dos produtos e na exportación.
- Mellora-la cualificación dos recursos humanos e a capacidade de innovación, así como anima-lo desenvolvemento dunha cultura empresarial e urbana.

Os resultados da análise do impacto específico derivado das intervencións, é dicir, a contribución que xerou a execución do MCA ós cambios experimentados polo contexto socioeconómico, permitiron extraer dúas conclusións bastante claras. A primeira é a *importancia estratéxica* que ocupa o MCA dentro dos recursos da Administración autonómica, as intervencións estruturais da cal non poderían alcanzala dimensión actual sen o concurso dos Fondos Comunitarios. A segunda, é o apreciable descenso desta dimensión cando o gasto executado se compara coas macromagnitudes rexionais como, por exemplo, o VEB, onde a dimensión relativa do MCA tan só alcanza un modesto 2,1%.

Co obxecto de completa-la avaliación do impacto macroeconómico das intervencións do MCA 1994-1999, elaborouse un modelo econométrico de avaliación de impactos estruturais que permitiu extrae-las seguintes conclusións: a realización completa das intervencións programadas no MCA fará que o VEB total non-agrario de Galicia do período 1994-2013 sexa un 3,2% máis elevado do que sería sen estas medidas.

A magnitude deste impacto prolóngase máis aló da finalización do programa, a diferenza do que sucede cos efectos de demanda, e alcanza un máximo potencial durante o período 1994-2004 no que a renda total sería un 3,1% máis reducida sen a execución do MCA. Máis aló deste período, o impulso vaise esgotando e o escenario tende a acurta-las distancias, aínda que o saldo dos vinte anos que van desde 1994 ata o 2013 é claramente favorable á economía con MCA.

Táboa 4.- Ratios de dimensión relativa dos medios financeiros mobilizados en Galicia (1994-1998) con cargo ó MCA, 1994-1999

VARIABLES COMPARADAS	1994-1998 (medias)
Media anual 1994-1998 de gasto executado MCA / Orzamento anual Xunta de Galicia	10,0%
Media anual 1994-1998 de gasto do MCA executado pola Admón. rexional / Orzamento anual Xunta de Galicia	6,4%
Media anual 1994-1998 de gasto executado polo PO FEDER / Orzamento anual de capital da Xunta de Galicia	30,4%
Media anual 1994-1998 de gasto executado polo PO FSE en formación / Orzamento anual Xunta de Galicia en políticas activas de emprego	3,2%
Media anual 1994-1998 de gasto executado polo PO FSE en formación de investigadores / Orzamento anual Xunta de Galicia en investigación	1,6%
Media anual 1994-1998 de gasto executado polo PO FEOGA-O e o PO IFOP / VEB agrario de Galicia	8,2%
Media anual 1994-1998 de gasto executado polo MCA / VEB total de Galicia	2,1%

FONTE: Elaboración propia a partir de *Informe económico-financiero de las Administraciones Territoriales* (MAP), IGE, D.X. de Planificación Económica da Xunta de Galicia; Avaliacións intermedias dos PO e SG aplicados en Galicia.

En resumo, as avaliacións da aplicación do MCA en Galicia coinciden en dous aspectos relevantes de cara ó futuro: por un lado a adecuación das intervencións ós problemas fundamentais da economía galega, e por outro, a necesidade de persistir no esforzo. Gracias ó MCA 94-99 a política rexional galega orientouse con especial intensidade cara á solución dos seus problemas estruturais.

5.2. A ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO DE GALICIA NO PERÍODO 2000-2006

A pesar da positiva evolución económica de Galicia na década dos noventa, que se viu reflectida nunha mellora do mercado de traballo, cos alentadores resultados do incremento da poboación activa e da poboación ocupada, cun descenso dos desempregados no primeiro trimestre de 2000, como se reflicte no capítulo 4 deste informe, Galicia continúa reflectindo un modelo territorial de complexa e custosa estruturación, con tendencias cara á concentración que esixen unha actuación estratéxica a favor da cohesión intrarrexional.

O Plan de Crecemento e Emprego de Galicia 1998-2001 foi concibido como principal instrumento da política económica na Comunidade Autónoma, capaz de conxugar un crecemento sostido da economía cun nivel de emprego estable, no marco de estabilidade económica e de equilibrio do sector exterior e de redución do déficit orzamentario. Para a consecución deste obxectivo, o Plan define como estratéxica o impulso e o aproveitamento da base productiva galega con perspectivas

de futuro, proxectándoa cara ó exterior e diversificándoa con criterios realistas en torno ós sectores nos que presenta vantaxes competitivas potenciais. Ademais das actuacións estratéxicas sobre a base productiva da economía de Galicia, o Plan conta cun importante conxunto de accións no curto prazo, a favor do emprego, centradas nas actividades de formación e das políticas activas de emprego.

Durante o primeiro semestre de 1998 tiveron lugar as primeiras negociacións da Xunta de Galicia cos sindicatos e cos empresarios que culminaron co primeiro consenso –reflectedo nos “Acordos sobre medidas para o crecemento e o emprego en Galicia 1998-2001”– entre a Xunta de Galicia, a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), o Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia (CC.OO.) e o Sindicato Unión Xeral de Traballadores de Galicia (UGT), que amosaron o seu compromiso e chegaron a un acordo o 13 de xullo de 1998 nos seguintes ámbitos:

- Políticas activas de emprego para a aplicación en Galicia dos acordos do Cumio de Luxemburgo e o Acordo interconfederal para a estabilidade no emprego.
- Medidas para a reordenación do tempo de traballo e a creación de emprego en Galicia.
- Formación en materia de seguridade e saúde laboral en Galicia.
- Actuacións horizontais de apoio financeiro á promoción económica e ó fomento empresarial.

Máis tarde, con data do 30 de xullo de 1999, culminou a 2ª fase do proceso de negociación cos “Acordos sobre medidas para o crecemento e o emprego en Galicia: Desenvolvemento do anexo relativo ós sectores productivos e ó emprego nos servizos públicos”, nos que se recollen os consensos logrados nas seguintes materias:

- Medidas de consolidación do emprego estrutural.
- Medidas de apoio á iniciativa privada para fomentar a contratación estable de traballadores.
- Medidas estratéxicas para os sectores productivos: complexos agropecuario, mar-industria, silvicultura-madeira, actividades prioritarias da industria e do turismo.
- Mesas de emprego nos servizos públicos: fomento do emprego nos servizos sociais, no servizo de sanidade e no servizo público educativo.

Como corolario desta situación que reflicte unha aposta decidida de Galicia para lograr un crecemento económico sostido cunha apreciable mellora social, os grandes fins da estratexia de desenvolvemento de Galicia céntranse non só no obxectivo da converxencia e a elevación do nivel de renda e produción por persoa, senón tamén nos seguintes:

- 1) *Aumenta-lo emprego de calidade.* O crecemento e o desenvolvemento deben traducirse nun incremento sólido e estable do emprego de calidade como vía de reforzo para mellora-las condicións da renda e o cadro de vida da poboación residente. Trátase de recupera-la importancia do emprego como fin último das po-

líticas económicas, en liña coas estratexias a favor do emprego da Comunidade Autónoma de Galicia actualmente en curso.

- 2) *Eleva-lo nivel de calidade de vida da poboación residente*, isto é, conseguir unha aproximación ou converxencia dos niveis de Galicia cos dos espazos socioeconómicos de referencia (España, UE/15), tanto en termos de renda como nos outros indicadores que definen o estándar do cadro de vida (educación, sanidade, vivenda, calidade da contorna, etc.). Ó mesmo tempo, perséguese harmoniza-los niveis de calidade de vida entre os diferentes segmentos sociais residentes e os distintos espazos territoriais de Galicia.
- 3) *Asegura-lo desenvolvemento sostido da base económico/productiva*. O carácter sostido do desenvolvemento implica que a estratexia se axuste ás potencialidades específicas de Galicia, que se coide ó máximo o mantemento e a rexeneración dos recursos e o medio rexional, e que se abran novas oportunidades que garantan a continuidade do proceso de desenvolvemento no futuro, de cara a xerar máis emprego e maior calidade de vida.

Estes referentes estratéxicos para Galicia plásmanse, na actualidade, no Plan de Desenvolvemento de Galicia e a súa concreción, respecto da participación comunitaria nos investimentos de carácter estratéxico que levará a cabo Galicia nos próximos anos, reflíctese no Marco Comunitario de Apoio para as intervencións comunitarias nas rexións españolas do obxectivo1, que recibiu a súa aprobación a principios do pasado mes de xullo.

A aposta de Galicia na estratexia de desenvolvemento artículase nun enfoque no que se interrelacionan as medidas en tres grandes ámbitos:

- 1) No ámbito da base productiva e o tecido empresarial perséguese dous grandes obxectivos finais:
 - *Potencia-los factores básicos de competitividade do tecido productivo*. Este obxectivo final integra un conxunto de obxectivos intermedios horizontais orientados á empresa. Este obxectivo final céntrase no sistema empresarial de Galicia nos seguintes referentes:
 - Promover actitudes empresariais estratéxicas e competitivas.
 - Imaxe de calidade diferenciada: normalización de produtos/marcas de orixe acreditadas.
 - Proxección exterior: incremento da capacidade de exportación de bens e servizos de Galicia.
 - *Potencia-la competitividade do núcleo productivo de Galicia*. As claves estratéxicas que están detrás deste obxectivo oriéntanse á configuración e ó desenvolvemento de redes productivas integradas de carácter multisectorial, para dar lugar a conglomerados de actividades articulados funcional e territorialmente. A fórmula operativa máis adecuada neste ámbito é estrutura-las medidas para pór en marcha, dentro de programas integrados para os complexos ou agrupamentos (“clusters”), actividades singularmente relevantes para Gali-

cia. En concreto, os complexos de actividades de especial interese para Galicia son os seguintes:

- Agropecuario.
- Silvicultura/explotación forestal/madeira.
- Mar/industria (pesca/marisqueo/acuicultura/industria conserveira e afíns).
- “*Clusters*” industriais de importancia singular (pedra natural, construción naval, automoción, confección/téxtil, telecomunicacións-audiovisual).
- Turismo selectivo.

2) No ámbito da competitividade do territorio destacan tres obxectivos:

- *Potencia-la accesibilidade do territorio.* Un dos puntos fortes das accións de desenvolvemento impulsadas nos últimos anos estivo marcado pola mellora das infraestruturas de transportes dirixidas a asegura-la accesibilidade externa do territorio de Galicia (eixes principais de autovías do Atlántico e conexión coa Meseta).
- *Aumenta-la proxección territorial do desenvolvemento.* Neste ámbito, o referente estratéxico é aproveita-las capacidades competitivas do conxunto do territorio, así como dos espazos veciños, co fin de reforza-lo principio de cohesión territorial no ámbito intrarrexional. Trátase, en definitiva, de coordina-las actuacións horizontais, sectoriais e territoriais co fin de estende-las tendencias de concentración e litoralización do crecemento cara ás áreas e núcleos do interior da rexión con capacidades de aglomeración e vertebración do territorio. Trátase, en suma, de facer compatible o crecemento do principal eixe de aglomeración social e económica da rexión –a Dorsal Atlántica– co aproveitamento da notable ligazón da actividade económica cun conxunto de recursos endóxenos dispersos ó longo do territorio.
- *Protexer e mellora-lo medio natural.* Este obxectivo final non se recolle como un ámbito separado do resto dos obxectivos e liñas de actuación estratéxicas, senón como unha dimensión positiva do modelo de desenvolvemento socioeconómico de Galicia, que debe estar guiado por principios de calidade e sostemento do crecemento no tempo.

Este obxectivo tradúcese nunha carteira ampla de accións específicas (información ambiental, conservación do patrimonio ambiental, tratamento dos residuos, programas de actuación en torno ó ciclo da auga, etc.), aínda que o seu alcance se manifesta tamén no deseño das accións recollidas noutros obxectivos, nos que se subliña de maneira explícita a súa contribución posible á mellora das condicións ambientais: a proposta das accións de desenvolvemento agro-gandeiro e forestal ou diversas accións formativas constitúen algúns exemplos significativos da incorporación da dimensión ambiental á programación.

3) No ámbito dos recursos humanos:

- *Potencia-los factores básicos que determinan a calidade do capital humano.* Neste ámbito, o obxectivo é ir avanzando na dotación e na mellora do capital ligado á prestación dos servizos sociais de maior incidencia no cadro de vida da poboación residente, o que figura como un dos grandes fins do desenvolvemento rexional: converxencia e aproximación dos estándares de vida da po-

boación residente nas distintas áreas do territorio de Galicia. Neste ámbito considéranse prioritarias as seguintes liñas de actuación:

- Sistema de saúde.
- Vivenda e capital residencial.
- Equipamentos sociais e deportivos e patrimonio cultural.
- *Aumenta-los recursos do coñecemento e potencia-la capacidade de emprego.* Este obxectivo final afronta a noción do capital inmaterial e os recursos do coñecemento como un activo complexo que é xerado por un sistema no que se articulan a formación básica de carácter xeral con coñecementos profesionais regrados e non regrados, a experiencia acumulada (o “saber facer”), a xeración de novos coñecementos e a adaptación e a mellora do stock de coñecementos dispoñibles (distintas actividades de I+D). No caso de Galicia, parece fóra de discusión que un dos núcleos duros da programación debe se-la aposta a favor dun “salto adiante” neste ámbito, dirixido pola necesidade de afrontar estas cuestións baixo unhas formulacións sistemáticas e integradas.

O acento na integración do conxunto de actuacións de formación/I+D debe descansar na formulación duns obxectivos ben definidos para o conxunto do sistema formación/ciencia-tecnoloxía/industria e unha clara vinculación cos obxectivos relacionados co desenvolvemento da base productiva.

Xunto co anterior, a adecuación dos sistemas formativos ás necesidades específicas do sistema productivo, a mellora dos mecanismos de conexión co mercado de traballo, a redución da distancia ó emprego, con especial atención ás mulleres, e a promoción de novas iniciativas de emprego en ámbitos relacionados coas novas pautas de demanda da sociedade (servicios ás familias, lecer, novos profesionais, industria do ambiente) tivéronse presentes como outro referente clave no deseño das accións deste importante obxectivo final, dada a súa especial vinculación co emprego e coa capacidade de rexeneración dos impulsos ó crecemento.

Táboa 5.- Distribución das previsións de gasto público (axuda+cofinanciamento) por formas de intervención rexionais/fondos. Recursos iniciais do período 94-99/00-06 imputando a reserva de eficacia

	94-99 Mecus 93	00-06 Meuros 99
FEDER	2.471,256	3.420,075
FSE	418,694	535,207
FEOGA	235,644	944,809
IFOP	338,699	642,362
TOTAL	3.464,293	5.542,454

6. GALICIA ANTE O FUTURO DA POLÍTICA REXIONAL

As perspectivas futuras da política rexional en relación coa situación de Galicia oriéntanse en tres dimensións fundamentais: 1) a cooperación entre espazos transfronteirizos, 2) a perspectiva europea de ordenación do territorio (ESDP) e 3) os efectos da ampliación ó leste da Unión Europea.

En primeiro lugar, a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal posúe unha clara personalidade e beneficiouse moito das posibilidades de cooperación que abriu a construción do mercado interior e a supresión de fronteiras. Ademais da importancia política e institucional deste obxectivo, o afondamento no grao de integración do espazo económico conxunto é un vector estratéxico de primeira orde para o desenvolvemento, permite alcanzar unha dimensión de mercado comparable á de Irlanda ou Suíza que favorecerá o desenvolvemento e a consolidación dos nosos complexos productivos e dos servizos avanzados que require o mantemento da súa competitividade no futuro.

As actuacións nas liñas de cooperación transfronteiriza de "INTERREG" resultaron de grande importancia para a dinamización socioeconómica das áreas de fronteira e teñen unha especial relevancia na área Galicia-Norte de Portugal, dado que, a diferenza da maior parte da fronteira luso-española, é unha área de alta concentración de poboación. Estas actuacións na integración europea resultaron de gran rendibilidade para Galicia (e o seu socio o Norte de Portugal), pero débese afondar nas intervencións máis alá da simple cooperación transfronteiriza. Trátase de crear unha área de confluencia das estratexias de desenvolvemento económico, da que un dos obxectivos primordiais é consolidar un espazo funcional de maior dimensión económica, máis competitivo e cunha maior proxección exterior, de cara a potencia-lo desenvolvemento socioeconómico no novo marco da UME e os novos horizontes de globalización e ampliación ó leste da UE.

No contexto dunha economía aberta e competitiva, inmersa nas tendencias de globalización e cambio cara a liñas de progreso baseadas no novo paradigma técnico-económico da sociedade da información, o coñecemento e a innovación, faise necesario reforza-los factores de competitividade rexional e destacar non só o concepto de rexións con atraso estrutural, senón tamén a multiplicidade de criterios que determinan un adecuado nivel de competitividade en relación con factores tales como a accesibilidade territorial e o transporte, a investigación e a innovación, a educación e o ensino profesional, a estrutura productiva e outros.

De forma xeral estas novas dimensións e criterios poderían introducirse a través da perspectiva europea de ordenación do territorio (ESDP) e orientada á busca dun desenvolvemento policéntrico que se distribúa de forma equilibrada e harmónica ó longo do territorio europeo. Non obstante, esta multiplicidade de criterios e dimensións implica un risco evidente de dispersión e de incremento das liñas e das áreas subvencionables, co perigo de prexudica-la efectividade que a política rexional europea alcanzou gracias á súa concentración, no ámbito persoal e espacial, en torno ós problemas máis relevantes do atraso estrutural.

Como pon de manifesto o sexto informe periódico sobre as rexións de Europa, os logros en converxencia das rexións menos desenvolvidas da Unión no período 86-96 son inusitados, tanto en intensidade como en perspectiva histórica. Tales resultados producíronse nunha época de afondamento e intensificación da integración económica de grande importancia, mercado único, liberalización de movementos de capital e monetarios e construción da UME.

A reforma da política rexional comunitaria influíu nestes resultados, gracias ás formulacións de planificación e de programación e moi especialmente á concentra-


ción crecente dos seus esforzos nas rexións con atraso estrutural, rexións obxectivo nº 1.

Este principio de concentración permitiu afrontar con boas perspectivas o novo período 2000-2006 e o Cumio de Berlín de marzo de 1999 baseouse nun aumento importante da concentración, en particular a porcentaxe de fondos estruturais destinada ó obxectivo 1 incrementouse ata o 69,7%.

Dúas características importantes dunha gran parte das rexións obxectivo 1 da Unión Europea radican en combinar baixos niveis de desenvolvemento con ritmos de crecemento importantes e superiores á media da UE. Tales características poden observarse mediante a comparación dos seguintes mapas de nivel do PIBpc e o de variación do PIBpc entre 1986-96.

As rexións con PIBpc menor có 75% da media comunitaria posúen tamén taxas de crecemento das máis altas (aínda que tamén hai rexións ricas con altas taxas de crecemento) e en xeral acurtaron distancias importantes con respecto á media europea, aínda que a unificación alemana coa entrada de rexións menos desenvolvidas xerou un efecto estatístico de redución da media.


Mapa 5.- PIB per cápita



FONTE: Sexto informe periódico sobre a situación e o desenvolvemento económico-social das rexións da UE.

A ocasión histórica da ampliación ó leste incide de forma directa no futuro da política rexional, coa súa actual concentración nas rexións con atraso de desenvolvemento (o obxectivo 1), verase afectada moi directamente polo *efecto redución* do nivel estatístico medio que resulta da adhesión dos PECO con niveis de desenvolvemento reducidos. Nun caso de concentración estricta en reducidas porcentaxes de poboación, a gran maioría das rexións obxectivo 1 da Unión Europea actual serían masivamente substituídas pola inmensa maioría dos territorios dos novos estados membros. A conclusión é buscar novas dimensións de política rexional e amplia-las súas áreas de elixibilidade. O grupo estratéxico de rexións de renda media e baixo crecemento podería beneficiarse dunha ocasión de amplia-las áreas subvencionables pola política rexional, pero a política rexional non se pode converter nun mecanismo xeneralizado de impulso da competitividade. Isto xera un risco de dispersión de esforzos que non favorece os resultados da política rexional en termos de converxencia, especialmente naquelas áreas onde está máis xustificada pola súa contribución ó desenvolvemento global.

Mapa 6.- Taxas de crecemento do PIBpc (PPS) no 95-99 na UE27




FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do primeiro informe de etapa (Comisión Europea-xaneiro 2002-SEC95).

Unha porción moi importante de rexións obxectivo 1 da Unión actual deixarían de selo polo simple *efecto redución* do nivel estatístico de referencia. Outra boa parte das rexións obxectivo 1 deixarán de selo pola súa propia dinámica de crecemento, polo *efecto impulso* da súa converxencia co PIBpc medio da Unión Europea actual, pero unha parte moi importante das actuais rexións obxectivo 1 corren o risco de perder esta condición polo simple *efecto redución* da referencia estatística e, só en moito menor medida, polo factor de impulso de converxencia. Os seguintes


mapas onde se representan os niveis de PIBpc das rexións da Unión actual, no caso dunha hipotética ampliación da Unión a 25 ou a 27 membros, ilustran a situación.

Mapa 7.- PIBpc (PPS) con relación á media na UE25



FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do primeiro informe intermedio de etapa (Comisión Europea-xaneiro 2002-SEC95).

Mapa 8.- PIBpc (PPS) con relación á media na UE27



FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do primeiro informe intermedio de etapa (Comisión Europea-xaneiro 2002-SEC95).

Só unhas poucas rexións estarían en condicións de combinar un impulso apreciable de converxencia cunha perspectiva razoable de continuar no obxectivo 1. O resto, como é o caso de Galicia, situaríase de golpe, por efecto da redución do nivel estatístico de referencia, en límites superiores ó 70%, de maneira que cun lixeiro impulso de converxencia (facilitado ademais en parte polo propio efecto estatístico de redución de tipo inercial) perderían a súa condición de rexións obxectivo 1. Experimentarían así unha dramática e prematura supresión dun marco de apoio que é un factor esencial para mobiliza-lo seu potencial de crecemento e supera-los obstáculos e círculos viciosos do atraso estrutural. As consecuencias significarían unha retirada prematura da política rexional, precisamente, nas áreas e estadios de desenvolvemento nas que os fondos estruturais son mais eficaces pola súa contribución ó crecemento e á posta en valor dos recursos rexionais, no grupo estratéxico de rexións de baixo desenvolvemento e alto crecemento.

Este grupo de rexións (entre as que se encontra Galicia) debe solicitar que se compensen os *efectos de redución do nivel estatístico de referencia* que ocasionará a ampliación e que se manteña a concentración e a eficacia da política rexional comunitaria e a achega de fondos estruturais a aquelas rexións nas que se xera un alto potencial de crecemento, poñéndose en condicións de competir por si mesmas na nova contorna económica aberta e globalizada. Poden buscarse múltiples fórmulas para articular tal compensación, o seu denominador común podería ser: *considerar como rexións obxectivo nº 1 no período inmediatamente posterior á adhesión aquelas rexións da Unión actual que non superen o 75% do PIBpc medio da Comunidade a 15.*